



## ACTA DA MESA DE NEGOCIACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DE VIMIANZO.

### SESIÓN 2/2017

Na Vila de Vimianzo, ás doce horas e dez minutos do día vintedous de maio de dous mil dezasete, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese, a Mesa de Negociación, ó obxecto de levar a cabo a sesión convocada para este día e coa asistencia do Sr. alcalde-presidente D. Manuel Antelo Pazos (quen preside a sesión), e os seguintes membros convocados:

a) En representación do Concello de Vimianzo:

- Don Fernando Mancebo Amigo, concelleiro de Persoal e membro da comisión mixta para a elaboración da RPT.
- Dona RMSM, funcionaria municipal e membro da comisión mixta para a elaboración da RPT.
- ~~Dona MLCP~~, interventora municipal.

b) En representación dos sindicatos máis representativos:

Asisten:

- Don EFP, representante de Comisións Obreiras (CC.OO.), quen acredita a súa representación.

Non asisten:

- O representante da Central Sindical Independente de Funcionarios (CSI-F).
- O representante da Unión Xeral de Traballadores (UXT).
- O representante da Confederación Intersindical Galega (CIG).

c) En representación dos traballadores:

Asiste:

- Don JRLP, delegado do persoal laboral polo sindicato Comisións Obreiras (CC.OO.).

Non asisten:

- O representante do persoal funcionario, Don JLCD (CSI-F).
- Os delegados do persoal laboral Dona RAM (CSI-F) e Don FRO (CSI-F).

Da fe do acto a secretaria da Corporación D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García.

Declarado aberto o acto pola presidencia, unha vez transcorridos dez minutos da hora sinalada, por se se incorporaba alguén máis, seguidamente pásase a tratar os seguintes asuntos da,

### ORDE DO DÍA

#### 1. Proposta de Relación de Postos de Traballo (RPT) para o Concello de Vimianzo.

Aberto o acto, o alcalde lembra que na primeira sesión se fixo unha descrición do documento e disculpouse a ausencia dos representantes de CC.OO. e CIG por compromisos adquiridos, segundo manifestaron antes da reunión. Convocouse esta reunión uns días despois da data prevista inicialmente (o 18 de maio) ao obxecto de que os sindicatos tiveran máis tempo para estudar o documento e traer as súas propostas. Sinala que existe un escrito de CSIF presentado por fax e por correo electrónico, pedindo que a reunión se celebrara noutra data, alegando que o



22 non podían asistir. Explica que se decidiu manter a data desta segunda reunión dado que estamos nun proceso de negociación e o número de reunións non vai ser taxado, faranse as necesarias para alcanzar un acordo cos sindicatos. Alega tamén que o CSIF non acreditou os motivos que lle impediron estar hoxe na Mesa.

Unha vez aclarada esta cuestión, o alcalde manifesta que están abertos a introducir modificacións no documento, e pide aos sindicatos presentes que formulen as súas propostas.

O Sr. EFP sinala que traen varias cuestións, que pasa a enunciar:

1º. Piden igualdade de trato: a postos similares ten que haber retribucións similares, sen dúbida.

2º. Carreira profesional: pide que non se amortixen postos susceptibles de seren ocupados por funcionarios de categoría inferior, porque lóxicamente sempre é un aliciente para os traballadores.

3º. Parece que hai persoal que se vai xubilar próximamente, e pide que a estes non se lles reduza a base de cotización de cara á súa pensión.

4º. Considera que nas fichas pode concretarse que as funcións que poden ser ordenadas polo alcalde ou concelleiro sexan relacionadas coa natureza do posto de traballo.

O alcalde di que para o goberno municipal é unha grande satisfacción que CC.OO. entenda o documento presentado e estea a favor da igualdade retributiva. Afirmo que a RPT valora postos, non persoas, como xa dixó na anterior reunión; o que non obsta a que estean dispostos a ver casos particulares. O principio "igual posto, igual salario" é un cambio fundamental, pois partimos dunha situación de ausencia de RPT e de valoración dos postos, quedando á vontade do alcalde a determinación dos salarios. Indica que agora xa non é así, pois os salarios determínanse en base a uns criterios obxectivos, non á vontade de ninguén. Está dacordo co plantexamento de non amortizar a praza de administrativo, e a aposta pola carreira profesional está clara no documento, pois prevese a creación dunha praza de oficial de Policía local. Sen embargo, á vista da anterior reunión, o sindicato CSIF está en contra da creación deste posto, e o representante do persoal funcionario, que é o único oficial da plantilla, tamén, de feito plantexou unha consulta á Xunta de Galicia respecto desta cuestión, da cal se enteraron porque a Xunta lle remitiu ao correo do concello a resposta. Segundo o criterio da administración autonómica, para crear unha segunda praza de oficial terían que aumentar o número de policías, aumento que non pode permitirse o Concello de Vimianzo, razón pola cal a única opción vai ser eliminar esa praza de oficial prevista.

Respecto do persoal que se xubila, o alcalde di que un funcionario xa lle comunicou que se ía prexubilarse en decembro deste ano, e o outro funcionario é o conserxe, que tamén se xubila a curto prazo.

O Sr. EFP di que ao non ter os 37 anos cotizados podes prexubilarte pero perderías cartos.

O alcalde considera, respecto da petición de CC.OO., que non habería inconveniente en manter as retribucións destas dúas persoas ata que se xubilaren.

O Sr. EFP preguntase hai máis traballadores nesta situación de próxima xubilación.

O alcalde sinala que non coñece outros casos. Respecto da proposta de concretar as funcións, sinala que non hai problema en definilas mellor, partindo da base de que o alcalde non lle vai



ordenar a un auxiliar administrativo que desbroce, obviamente. Pero poñerase a coetilla de "funcións relacionadas co posto de traballo".

EFP pregunta polo posto de técnico de urbanismo.

O alcalde explica que o posto se converte en persoal funcionario, porque as funcións que realiza así o esixen, e a súa provisión como interino está prevista na lei de emprego público de Galicia, que foi modificada en febreiro deste ano.

A secretaria sinala que esta cuestión xa foi abordada pola comisión nunha das súas reunións, en concreto na sesión 2/2017, e así consta na acta:

~~Disposición transitoria primeira bis~~ *Disposición transitoria primeira bis Personal laboral temporal que desempeñe postos de traballo de personal funcionario*

**1. La aprobación de las correspondientes relaciones de puestos de trabajo por el Consejo de la Xunta de Galicia, de acuerdo con las previsiones del punto 2 de la disposición transitoria primera, determinará, de acuerdo con lo establecido en los artículos 26 y 38 de esta ley, la transformación en puestos de trabajo de naturaleza funcional de aquellos puestos vacantes que venían siendo desempeñados por personal laboral temporal.**

**El personal laboral indicado podrá seguir desempeñando sus funciones, de acuerdo con lo establecido en los apartados siguientes de esta disposición.**

**2. Con la finalidad de hacer posible el cumplimiento de las normas establecidas en esta ley en cuanto a los puestos que deben ser cubiertos por personal funcionario, los principios de organización, racionalización y ordenación del personal, así como para homogeneizar el régimen jurídico y condiciones de trabajo aplicables a estos, en orden a facilitar una eficaz prestación de los servicios públicos, la Administración expedirá un nombramiento de naturaleza funcional interina, en el correspondiente cuerpo o escala de clasificación, al personal laboral temporal que, de acuerdo con lo establecido en el apartado anterior, ocupe puestos previstos como de naturaleza funcional en las relaciones de puestos de trabajo, siempre que reúna los requisitos para la ocupación del puesto y haya sido seleccionado como laboral temporal según los procedimientos de acceso a la condición de laboral temporal establecidos por la normativa vigente.**

**Este nombramiento requerirá la aceptación del personal interesado y supondrá la novación de la relación jurídica existente con la Administración, sin solución de continuidad en la prestación de los servicios, y la transformación de aquella en un vínculo jurídico de naturaleza funcional interina, regido por la presente ley. Cuando las retribuciones del personal laboral sean diferentes a las correspondientes al régimen funcional, previa negociación con las organizaciones sindicales presentes en la Mesa General de Empleados Públicos y de acuerdo siempre con el principio de estabilidad presupuestaria, por decreto del Consejo de la Xunta de Galicia se establecerán las condiciones y los plazos de la equiparación retributiva.**

**3. En el caso de que la relación de puestos de trabajo prevea la amortización del puesto, de acuerdo con las necesidades de organización del servicio público, en los casos en que el personal interesado no acepte el nombramiento interino previsto en el apartado anterior, o este no sea procedente de acuerdo con lo indicado, y en orden al cumplimiento de los principios establecidos en este, la Administración procederá a efectuar los trámites legales tendentes a la extinción de la relación laboral, siempre de acuerdo con lo establecido en la legislación laboral y con las consecuencias, incluidas las indemnizatorias, establecidas en ella.**

**4. Los puestos de trabajo que pasen a ser desempeñados por personal funcionario interino como consecuencia de los procesos establecidos en la presente disposición quedarán sujetos a su convocatoria en los concursos de traslados y a los procesos selectivos de personal funcionario de la Xunta de Galicia.**

**5. Las necesidades de cobertura temporal que surjan después de la transformación de los puestos de trabajo previstos en esta disposición serán realizadas a través del sistema de listas para la cobertura de puestos reservados a personal funcionario**

*Disposición transitoria primera bis introducida por el artículo 12 de la Ley [GALICIA] 2/2017, 8 febrero, de medidas fiscales, administrativas y de ordenación («D.O.G.» 9 febrero). Vigencia: 10 febrero 2017*



EFP pregunta polo posto de auxiliar de cultura.

O alcalde explica que actualmente teñen un posto de monitor de tempo libre, dado que no que momento se contratou financiada con unha subvención da Deputación. Realmente esta persoa está desempeñando as funcións de auxiliar de cultura, posto que abre a casa da cultura, bota unha man na biblioteca... Consideran que o posto estrutural sería o de auxiliar de cultura, non o de monitor de tempo libre. A persoa que ocupa o posto pode seguir desempeñándoo, dado que cumpre os requisitos.

EFP sinala que ao persoal da área de cultura deberían recoñecérselle os mesmos complementos, posto que desempeñan as mesmas funcións.

O alcalde considera que tanto ao técnico de deportes como ao auxiliar de cultura si pode recoñecerse o complemento "centro de traballo variable", pero á bibliotecaria non porque o seu centro de traballo sempre é a biblioteca.

O Sr. FMA sinala que ese complemento está pensado para centros de traballo itinerantes, non para alguén que desenvolve o 80% do seu traballo nun centro e o resto noutros.

A secretaria considera que hai que contextualizar as funcións de cada posto tendo en conta a dimensión do concello, posto que a lei recoñece as mesmas funcións ao secretario de Vimianzo que ao da Coruña, pero obviamente o traballo diario non é o mesmo porque os medios persoais e materiais de ambas entidades locais distan moito.

EFP sinala que sería conveniente que os traballadores souberan que prazo teñen para achegar as súas reclamacións ou suxerencias á RPT.

O alcalde sinala que a canle de comunicación entre a comisión e os traballadores vai estar aberta mentras dure o proceso de negociación. Sinala que os traballadores coñecerán mediante as actas, que se están publicando na web, o que se vai plantexando nas reunións, e ao final incorporarase todo ao documento definitivo que resulte da negociación e se someta á aprobación do Pleno.

EFP considera que debe incorporarse un complemento de atención ao público a outros postos que tamén a teñen.

O alcalde recoñece que esta é unha demanda que xa lles chegou por parte dos traballadores a están abertos a establecer unha graduación.

EFP considera que o xefe da Policía local debe ter especial dedicación.

O alcalde considera que o que acaba de plantexar é unha petición razoable, e de feito no seo da comisión xa se está estudando este tema.

EFP pregunta como se denomina o posto de auxiliar informático, posto que a categoría deste posto é de subgrupo C1, non C2.

A interventora consulta o cadro de persoal do orzamento de 2016 e aclara que se denomina "Técnico auxiliar informático".



O alcalde di que non hai inconveniente en recoller esta denominación.

EFP di que hai auxiliares administrativos que fan funcións de administrativo, e pide que se recoñeza dalgunha maneira esta cuestión.

O alcalde di que isto non pode ser así, e polo tanto non poden regularizar algo que non debe suceder. Os auxiliares non poden facer funcións superiores ás que teñen asignadas.

A secretaria e a interventora están dacordo co dito polo alcalde, e puntualizan que as tarefas dos auxiliares deben estar supervisadas polos técnicos da área.

O Sr. JRLP sinal que ten un par de cousas que comentar, porque llo trasladaron os traballadores:

1º. O técnico de deportes: debería incluírse o complemento de fin de semana e centro de traballo variable.

O alcalde di que as fins de semana que traballa son moi puntuais, e a forma de retribuílo é como gratificación ou produtividade, non no específico. Respecto do centro de traballo variable, si están dispostos a recoñecelo.

2º. Os operarios de protección civil: que se lles recoñeza o complemento de todas as fins de semana.

O alcalde aclara que no cómputo anual traballan varias fins de semana, pero non todas, por eso se lle recoñece desa maneira; non obstante, non están pechados a modificalo.

3º. Auxiliar de cultura: que se lle recoñeza centro de traballo variable.

4º. Pregunta se aos laborais se lles pode recoñecer a atención ao público.

5º. Auxiliares electricistas: recoñecer dispoñibilidade, porque sempre teñen o teléfono operativo.

O alcalde sinala que son casos moi puntuais que se compensan mediante gratificacións ou días libres.

6º. Conserxe Castelo: recoñecer manexo de maquinaria porque emprega o cortacésped.

O alcalde sinala que non lle ve complexidade como para recoñecelo, pero están dispostos a estudalo.

7º. Biblioteca: recoñecer versatilidade.

O alcalde explica que a función da bibliotecaria non é agardar sentada a que lle devolvan ou pidan libros. El ten un concepto de biblioteca dinámico, ten que ser unha biblioteca viva. A bibliotecaria non pode ser unha burócrata, é un traballo de natureza cultural.

8º. Ao posto de coordinador se lle recoñecen algunhas fins de semana e considera que deben recoñecerse todas.



A Sra. RMSM le as propostas que achegaron por correo electrónico PLP e JATV, dous empregados municipais.

O alcalde di que se falará no seo da comisión e na vindeira reunión tratarase de solventar estas cuestións.

EFP considera que sobre todo debe respostarse aos traballadores.

O alcalde sinala que se convocará a terceira reunión para esta mesma semana, á que agarda que tamén poda asistir CSIF dado que comunicou que non tiña inconveniente en asistir calquera día desta semana. Propón facela o venres, se non teñen problema. A súa intención é, ademais da reunión desta semana, facer outra a semana seguinte, a ver se é posible ter xa o documento definitivo. Considera que non poden manterse as desigualdades retributivas neste concello, posto que houbo incrementos de específico sen ningún tipo de xustificación. Anuncia tamén que se regularán os servizos extraordinarios e o reparto da produtividade.

Estando de acordo o resto dos asistentes, prevese que a vindeira reunión sexa o venres 26 ás doce horas.

Sendo as trece horas e vinte minutos da data referida dáse por rematada a comisión, do que dou fe.

A secretaria

María Cristina Varela García

Visto e prace  
O presidente

Manuel Antelo Pazos